

ASUNTO: APROBACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O pasado 14 de marzo, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que se incluíron, entre outras medidas, limitacións á liberdade de circulación das persoas, cos efectos que iso supón para cidadáns, traballadores e empresas. Especificamente, no ámbito da Administración Local, dispúxose a suspensión dos termos e prazos administrativos.

Por Decreto Aldalía de data 07/05/2020 número 2020000629, resolveuse de acordo coas fases de desescalada determinadas polo Goberno da Nación, no momento de que se alcance a Fase 1, previsiblemente o próximo día 11 de maio de 2020, a reincorporación ao traballo presencial de todos os empregados públicos do Concello de Monforte de Lemos que estiveran realizando traballo non presencial.

Con base o exposto e en uso da atribución conferida á Alcaldía polo apartado h) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO

En tanto continúe o estado de alarma, seguir as recomendacións do Ministerio de Sanidade para a atención ó público no Concello de Monforte de Lemos, que se realizará segundo o seguinte procedemento:

- A) Será precisa cita previa para atención ó público, chamando ós teléfonos das centralitas das oficinas municipais:

| | |
|---------------------|-----------|
| CONCELLO | 982402501 |
| PROMOCIÓN ECONÓMICA | 982884775 |
| ORIENTACIÓN LABORAL | 982884689 |
| SERVICIOS SOCIAIS | 982416541 |
| CIM | 982416350 |
| OMIX/OMIC-OFICINA | 982875126 |
| MULTIUSOS | 982403893 |
| UAD | 982400495 |
| DEPORTES | 982875430 |

- B) Priorizarase a atención á cidadanía por medios telemáticos, correo electrónico ou telefonicamente.
- C) Nos casos en que a atención á cidadanía se faga de xeito presencial deberanse seguir os procedementos establecidos no Decreto de Alcaldía de data 07/05/2020 número 2020000629 de aprobación da reincorporación ós postos de traballo dos empregados municipais.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

